



XVIII DÍA DO PEÓN



MANIFESTO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA DO PEÓN 11 DE NOVEMBRO DE 2024

Bos días chavalada, é un pracer ver nunha xuntanza a toda a xuventude estudiantil do colexios do Concello de Zas. Desfrutade do momento que poucas veces acontece.

En primeiro lugar, agradecer a BRINQUEDIA (Rede Galega do Xogo Tradicional), ao Concello de Zas e a tódalas persoas que dun xeito ou doutro fixeron posible que nos encontremos aquí. BRINQUEDIA dende a súa recente formación ven celebrando o día do peón nos concellos de Galicia e, repito, é de agradecer que viñese a Zas nestes primeiros anos pois se van a concello por ano tardaran en volver. Seguro que o fan pronto pois xogos tradicionais hai moitos e en Zas aínda non nos esquecemos deles.


Aproveito este momento lembrando o berro que facía o noso veciño de Cabana nas festas e romerías "viva xuventude, e os vellos que non morran" e que seguides escoitando na contorna a pesares de que el xa nos deixara, e, traio isto para que que xoguedes aos novos xogos que vos ofrecen polos distintos medios e ao mesmo tempo manteñades aos que xogaban vosos avós e vosas avoas, e decir os xogos tradicionais de sempre. Poderíamos decir "veñan xogos novos, e conservemos a tradición". As tradicións dan identidade social e cultural a un pobo.

Os xogos tradicionais vannos facer desfrutar do momento e sempre haberá un tempo para el. Ademais teñen a particularidade de que todos e todas podemos ser bos, moi bos ou ter moito que aprender, nos que non se busca o gran campión, senon facelo o mellor posible e desfrutar dunha boa execución del tanto sexa miña coma do compañeiro ou compañeira que está ao lado.

Hoxe vamos a dar un bo exemplo de como se desfruta co peón, ou tamén peonza, buxaina, virandela. Ten variedade de nomes tantos como lugares donde se xoga e que abarca a todo o planeta, non en van é un dos xogos mais antigos da humanidade. Así que vamos coller nunha man o peón i enrolamos nel o cordel e como nos dí o refrán "polo San Martiño peóns ó camino" nos faremolo nesta praza, 1...2...3... a bailalo!!!

Stevo de Zas, Manuel Esteban Lema Pérez

Mestre xubilado do CPI de Zas



Patrimonio Lúdico Galego